

SVV/acc

EXPEDIENTE	2025008471
ASUNTO	INTRUCCION DO PROCEDEMENTO
TRÁMITE	LISTADO PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E NON ADMITIDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025

- ANTECEDENTES

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e do reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrado na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere fortalecer o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso, é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

Constituída a nova Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este programa, que recolle o espírito e os obxectivos da devandita lei, e tamén o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Por outra banda, tamén pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia, que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.



Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

2º.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025” e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 77, de 24 de abril de 2025.

3º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, que abarcou do 2 ao 16 de maio de 2025, rexistráronse un total de 2.237 solicitudes, correspondentes a 7.865 persoas. Tal como indican as bases levouse a cabo o estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instructor, así como as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos.

Por todo o exposto anteriormente e de acordo co artigo 24.4 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que indica, que o órgano instructor, a vista do expediente e dos informes, formulará a proposta de resolución provisional, sendo esta:

PROPOSTA DE RESOLUCION PROVISIONAL

Primeiro. Propoñer a aprobación da lista provisional de solicitudes do programa “Lecer en familia” 2025, na que figuran as persoas admitidas e persoas non admitidas, xunto coas causas de exclusión destas últimas (CSV XP9B0U5HM7V9OOQO).



Segundo. Indicar que dita proposta de resolución provisional notifícase aos solicitantes a través da súa publicación na páxina Web da Deputación de Pontevedra, así mesmo, de conformidade co establecido no apartado quinto das bases reguladoras, enviarase unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil indicado para que as persoas solicitantes consulten o estado da súa solicitude.

Terceiro. Establécese un período de 5 días hábiles (tramitación de urxencia segundo o artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina Web da Deputación de Pontevedra, para poder emendar os defectos da solicitude que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Cuarto. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>

Quinto. A presente resolución provisional non xera dereito ningún e pode xerar posibles axustes resultantes da presentación de documentación ou alegacións. Unha vez resolto as alegacións ou a comprobación de datos aportados, o servizo instrutor formulará a resolución definitiva que someterá a aprobación do órgano competente que resolverá a convocatoria, sendo publicado o anuncio de data de sorteo e aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e non admitidas na páxina Web, tendo este efectos de notificación.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.